

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE SEIS DE NOVEMBRO DE 2017.
EXPTE. 6134/2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do 6 de novembro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, D. José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Emilio Villarrea Méndez. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto, pola Sra. Alcaldesa declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 30-10-17.

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 30 de outubro de 2017.

2.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 5971/2017.- OBRIGAS CON REPARO.

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 5971/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 23 de outubro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Gas Natural S.U.R. SDG S.A.**, por un importe total de **7.162,03 €**, que constan no expediente **5971/2017**. No devandito informe sinálase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **7.162,03 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 30 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **7.162, 03 €**.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce das resolucións de levantamento de reparo de facturas enerxía eléctrica expedientes Aldro (III) e Xenera (I) asinadas en data 12 de abril de 2017.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Gas Natural S.U.R. SDG S.A., referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangue todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 5971/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 5972/2017.- OBRIGAS CON REPARO.

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 5972/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 23 de outubro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Aldro Energía y Soluciones S.L.,** por un importe total de **21.754,13 €**, que constan no expediente **5972/2017**. No devandito informe sinálase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **21.754,13 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 26 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **21.754,13 €**.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce doutros expedientes de facturas de enerxía eléctrica.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Aldro Energía y Soluciones SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 5972/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 5973/2017. OBRIGAS CON REPARO.

Vista a relación de obrigas correspondente ó expte 5973/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 23 de outubro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Viesgo Comercializadora de Referencia SL**, por un importe total de **535,10 €**, que constan no expediente **5973/2017**. No devandito informe sinalase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 535,10 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 26 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **535,10 €**.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de

que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce doutros expedientes de facturas de enerxía eléctrica.

Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Viesgo Comercializadora de Referencia SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.

Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.

III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 5973/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 5974/2017.- OBRIGAS CON REPARO.

Vista a relación de obrigas correspondente ó expte. 5974/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 23 de outubro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Limpiezas Viveiro SLU**, por un importe total de **272,25 €**, que constan no expediente **5974/2017**. No devandito informe sinálase que existe consignación no

vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de **272,25 €**.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 26 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **272,25 €**.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acreedor.

Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.

Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.

III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 5974/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 5977/2017.- OBRIGAS CON REPARO.

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte. 5977/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención o 23 de outubro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Espublico Servicios para la Administración S.A.**, por un importe total de **1.862,12 €**, que constan no expediente **5977/2017**. No devandito informe sinálase que existe consignación no vixente orzamento xeral, na aplicación que se indica na relación das facturas que constan no devandito informe, por un importe total de 1.862,12 €.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía de 26 de outubro de 2017 proceduse ó levantamento de reparo formulado pola Intervención municipal, con base no seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **1.862,12 €**.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.

A vista das necesidades de planificación contractual e tramitación de procedementos de contratación, segundo as advertencias da Intervención, aos efectos de non saturar o servizo de contratación municipal ante a falta de medios persoais existentes no concello e mentres se realiza esta planificación e se tramitan os procedementos, é necesario manter os servizos municipais que dan lugar á presentación de facturas obxecto de reparo.

Esta Alcaldía pretende impulsar os procedementos de contratación ao ritmo asumible polo persoal do Concello, co fin de evitar o reparo e cumprir cos principios de publicidade e concorrência.

O servizo de mantemento da administración electrónica, prestado por “Espublico Servicios para la Administración SA”, resulta imprescindible no momento actual para levar a cabo a labor administrativa municipal.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se está a planificar a contratación e tramitación do expediente de contratación para o servizo.

III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento da administración electrónica do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se tramite o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.

Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de 3 de xullo de 2015, acordouse delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 5977/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 6193/2017. OBRIGAS.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de Facenda referente ao expediente 6193/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 6227/2017.- OBRIGAS-EMERXENCIAS SOCIAIS.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de Facenda referente ao expediente 6227/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de

Tesourería e Servizos Económicos.

3.- CONTA XUSTIFICATIVA.

EXPTE. 6019/2017.- “ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL CASCO HISTORICO DE VIVEIRO”.

Vista a proposta da Alcaldía para a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida en 2017 á Asociación “*Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro*”, por importe de 2.000,00 euros, ao abeiro do Convenio de colaboración asinado entre a devandita entidade e o Concello de Viveiro.

Visto que en data 18 de outubro de 2017, co número de rexistro de entrada 2017-E-RC-6516, a citada asociación aporta a documentación para xustificar o convenio de 2017, solicitando o abono do importe da subvención.

Visto que segundo informe de Intervención, existe consignación orzamentaria na aplicación 4300-48920 dos Orzamentos de 2017 e que a entidade entregou de forma correcta a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro para o ano 2017, por importe de 2.000,00 euros, segundo o convenio asinado, con cargo á aplicación 4300-48920.

Segundo.- Antes do pagamento acreditarase por parte da sociedade que está ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e ós Departamentos de Intervención e Tesoureria para o seu coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE. 6166/2017.- LICENZA ADMINISTRATIVA E INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DUN CAN DE RAZA PERIGOSA.

Visto o escrito presentado por D. Elías García Parapar, con domicilio no Lugar A Pena, s/n, Viveiro, en Viveiro, no que solicita a expedición da licenza administrativa pola tenencia dun can, catalogado de raza perigosa, así como a súa inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. A aptitude do animal no REGIAC consta como acompañamento.

Vista a documentación presentada polo interesado, e resultando acreditada

a raza do can, segundo a definición do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Conceder a D. Elías García Parapar, a licenza municipal pola tenencia dun can, catalogado de raza perigosa, polo período de cinco anos. O titular da licenza deberá cumprir con todas as obrigas establecidas no decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo .- Inscribir no Libro rexistro de animais potencialmente perigosos o can de raza perigosa, propiedade de D. Elías García Parapar, debendo comunicar ó Concello calquera incidencia dos datos referidos á titularidade do animal.

Terceiro .- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Secretaría, ó obxecto da expedición da correspondente licenza municipal, ficha identificativa individual e inscrición no rexistro de A.P.P, así como á Policía Local para o seu coñecemento.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE 4787/2017.- ADXUDICACIÓN DA OBRA: "PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NA RÚA REGO DA FONTE EN CELEIRO-VIVEIRO (LUGO)".

Visto o expediente para a contratación da obra denominada "*Pavimentación e servizos na rúa Rego da Fonte en Celeiro-Viveiro (Lugo)*", con referencia CT 17/2017 (expediente gestiona 4787/2017).

Visto que a referida actuación estará parcialmente financiada pola Deputación provincial de Lugo, ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos Concellos 2017, cunha aportación de 180.000 €.

Vistos os antecedentes do referido expediente que, de xeito resumido, foron os seguintes:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 2 de outubro de 2017, aprobou o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, previos os antecedentes e informes preceptivos, acordando invitar ás empresas "*Excavaciones Ramsei S.L.*", "*Excavaciones Isidoro S.L.*" e "*Carferlo S.L.*", para que participaran no procedemento.
2. Segundo queda acreditado no expediente, ó procedemento presentaron proposicións no Rexistro Xeral municipal, dentro do prazo outorgado, as dúas seguintes empresas invitadas:

Empresa	Enderezo	Rexistro entrada
Carferlo S.L.	Pol. Ind. de Camba, par. 56-57 27870 Xove	6235/2017
Excavaciones Isidoro S.L.	Rúa Vilar 10 27880 Burela	6243/2017

Pola súa banda, “*Excavaciones Ramsei S.L.*” achegou ó Concello, mediante Fax, a comunicación de presentar a proposición en Correos, dentro do prazo outorgado, dando cumprimento deste xeito ao establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas para o envío de proposicións por correo. Non entanto, con base tamén no establecido na referida cláusula, esta proposición non se recibiu nas dependencias municipais dentro do periodo contemplado no prego para recepción das proposicións achegadas por correo.

3. Na Mesa de Contratación, en sesión de 11 de outubro de 2017, deuse conta das tres empresas presentadas ao procedemento, advertíndose da non recepción da proposición presentada en Correos pola empresa “*Excavaciones Ramsei S.L.*” dentro do prazo outorgado na cláusula 16 para a recepción no Concello das proposicións presentadas por correo. Con base no anterior, a Mesa de Contratación, trascurrido o prazo contemplado no prego para a recepción das proposicións, tanto das presentadas persoalmente Rexistro Xeral como da presentada en Correos, e non constando nesta sesión a proposición de “*Excavaciones Ramsei S.L.*”, decide non admitila ó procedemento e admitir ás empresas “*Carferlo S.L.*” e “*Excavaciones Isidoro S.L.*”. A seguir, nesta mesma sesión, o Presidente da Mesa procedeu á apertura dos sobres núms. 1 nos que consta a documentación administrativa das dúas empresas admitidas, dando por válida a os documentos presentados.
4. A Mesa de Contratación, en sesión de 16 de outubro de 2017, procedeu á apertura dos sobres núms. 2 das empresas admitidas, para o control da documentación técnica e para anuncio das ofertas presentadas, con control sobre a posible existencia de baixa desproporcionada da mellor oferta, valoración de ofertas e proposta de adxudicación do contrato. Os datos conclusivos deste proceso foron os seguintes:

- **Documentación técnica.** Estimouse correcta a documentación técnica presentadas polas dúas empresas licitadoras.

- **Ofertas presentadas:**

<i>Carferlo S.L.</i>		<i>Excavaciones Isidoro S.L.</i>	
<i>Oferta económica</i>	<i>Prazo execución</i>	<i>Oferta económica</i>	<i>Prazo execución</i>
187.550,00 €	3 meses	189.970,00 €	3 meses

- **Control sobre a posible existencia de baixa desproporcionada.** Non se detectou baixa desproporcionada na oferta presentada por “*Carferlo S.L.*”, segundo queda acreditado no expediente.

- **Valoración de ofertas:**

	Empresa	Concepto puntuación	Puntos	Totais
1	Carferlo S.L.	Oferta económica	30	30
		Prazo de execución	0	
2	Isidoro S.L.	Oferta económica	29,62	29,62
		Prazo de execución	0	

- **Proposta de adxudicación.** Segundo as argumentacións anteriores, a oferta máis ventaxosa foi a presentada pola empresa "Carferlo S.L.", polo que a Mesa de Contratación, na referida sesión de 16 de outubro de 2017, propúxo a como adxudicataria do contrato.

5. A Xunta de Goberno Local en sesión de 23 de outubro de 2017, tomou en consideración a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación de 16 de outubro de 2017 a favor de "Carferlo S.L.", polo que acordou requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato, contemplados na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador do expediente.

Visto que segundo queda acreditado no expediente, a empresa "Carferlo S.L." presentou os documentos previos á adxudicación do contrato mediante rexistro de entrada municipal núm. 6920, de 31 de outubro de 2017, entre os que se atopa a garantía definitiva do contrato formalizada ante a Tesourería municipal.

Visto finalmente o informe do Secretario Accidental para a adxudicación do contrato, coa conformidade de Intervención,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado "Pavimentación e servizos na rúa Rego da Fonte en Celeiro-Viveiro (Lugo)", á empresa "Carferlo S.L.", con CIF núm. B-27.227.388, cun prazo de execución de obra de 3 meses, e por un importe total de "cento oitenta e sete mil cincocentos cincuenta euros" (187.550,00 €), desglosado do seguinte xeito:

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento total
155.000,00 €	32.550,00 €	187.550,00 €

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Intervención municipal, así como ao Servizo de Contratación, para requirir á empresa adxudicataria para o asinado do contrato, que deberá quedar formalizado no prazo de quince días computados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

6.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vista a proposta de gasto presentada polo Concelleiro de Facenda, con

número de expediente 6203/2017, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ó Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as catorce horas e dez minutos do 6 de novembro de 2017, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.